

Decreto 1457/2016.- NOMEAMENTO MEMBROS MESA DE CONTRATACIÓN

Genma Otero Uhía, primeira tenente de alcalde, alcaldesa por delegación do Concello de Ames (A Coruña)

O Pleno do Concello, en sesión de 28 de abril de 2016, aprobou a Licitación da xestión do servizo público “Ciclo integral da auga” do Concello de Ames, prestando aprobación así mesmo aos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Na cláusula 40, apartado V.1 do prego de cláusulas administrativas particulares “Constitución da Mesa” establécese o seguinte:

“Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións constituirase a Mesa de Contratación que estará integrada do seguinte xeito:

Presidente: O alcalde – presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- a. A secretaria xeral da Corporación ou funcionario/a que a substitúa.*
- b. O interventor municipal ou funcionario/a que o substitúa.*
- c. O concelleiro delegado en materia de Urbanismo, Obras Públicas e Servizos Básicos ou concelleiro/a no que delegue.*
- d. A Arquitecta Municipal ou no seu defecto o/a arquitecto/a técnico/a municipal.*

Exercerá de secretaria/o da Mesa un/ha funcionaria/o da Corporación.

A mesa nomeará, alomenos, un técnico na materia para o seu asesoramento, con voz e sen voto.

Formará tamén parte da mesa, con voz pero sen voto, un/ha representante de cada grupo da oposición, a ser designado polos mesmos.”

Tendo en conta todo o anterior e á vista das designacións feitas polos grupos municipais, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, acorda:

Primeiro.- Nomear aos seguintes membros da Mesa de Contratación do procedemento de licitación da xestión do servizo público “Ciclo integral da auga” do Concello de Ames:

Presidente/a: O alcalde – presidente ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais:

- a. A secretaria xeral da Corporación ou funcionario/a que a substitúa.
- b. A interventora municipal ou funcionario/a que a substitúa.
- c. O concelleiro delegado en materia de Urbanismo, Obras Públicas e Servizos Básicos ou concelleiro/a no que delegue.
- d. A Arquitecta Municipal ou no seu defecto o/a arquitecto/a técnico/a municipal.

Secretaria/o: Un/ha funcionaria/o da Corporación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto:

- Polo grupo municipal do Partido Popular: Alberto Piñeiro Rodríguez, ou no seu defecto, calquera outro membro do seu grupo municipal que o substitúa.
- Polo grupo municipal Ames Novo: María Jesús Bóo Feijóo, ou no seu defecto, calquera outro membro do seu grupo municipal que a substitúa.
- Polo grupo municipal Pacto x Ames: Ramón García Argibay, ou no seu defecto,

calquera outro membro do seu grupo municipal que o substitúa.

- Francisco Javier López Suárez, concelleiro non adscrito.

Segundo.- Dar publicidade á presente resolución, aos efectos oportunos.

Ames, 1 de agosto de 2016

A primeira tenente de alcalde
Alcaldesa por delegación (Decreto 1450/2016)



Genma Otero Uhía



A secretaria accidental



Concepción Vilas Gantelar